- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Como principio metodolóxico xeral, dende a área de Lingua Galega e Literatura prestaráselle especial atención á diversidade, utilizando métodos que teñan en conta os distintos ritmos de aprendizaxe.

A organización de cada curso en unidades permite que os contidos ligados aos estándares de aprendizaxe se concreten na comprensión e produción de distintos tipos e subtipos de textos. Isto realizarase de tal xeito que permita ao alumnado acceder a distintos niveis de complexidade atendendo á súa madurez e ao seu desenvolvemento e ritmo de aprendizaxe.

O profesorado realizará unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén; habilitando, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, aqueles mecanismos de reforzo que cumpra pór en práctica. Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa que favoreza tanto o trabalo individual como en grupo do alumnado.

Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo. Este principio metodolóxico conseguirase fundamentalmente na selección das lecturas recomendadas ao

alumnado, no uso das tecnoloxías de información e comunicación, na participación en proxectos multidisciplinares e en varias actividades extraescolares e complementarias que faciliten a interacción entre os diversos departamentos didácticos.

Promoverase a reflexión metacomunicativa e metalingüística a través do contraste entre as linguas que se imparten no centro; potenciando así unha educación plurilingüe e intercultural que lle permita ao alumnado o uso integral do seu repertorio lingüístico, discursivo e intercultural que posúe e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo.

Prestarase especial atención á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, facendo especial fincapé na correcta expresión oral e escrita.

Fomentarse o pracer por ler a través da lectura en voz alta de textos seleccionados, da proposta de libros de lectura obrigada e voluntaria de acordo cos gustos e preferencias do alumnado, e da lectura colectiva en actividades tanto de aula como complementarias en coordinación con outros departamentos.

Deseñaranse actividades que permitan a adquisición de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Así, nas exposicións orais propostas ao alumnado que se realizarán ao longo do curso poderanse desenvolver practicamente todas as competencias clave: a competencia dixital, a comunicación lingüística, o sentido de iniciativa e espírito crítico.

Fomentarse o uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos ou presentacións, ampliar ou complementar a información ofrecida nos recursos didácticos tradicionais.

Propiciarse un clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual pero tamén o colectivo e as relacións entre o alumnado.

As exposicións do profesorado utilizarán diferentes soportes (libros de texto, dixitais, recursos audiovisuais, uso da biblioteca).

Farase fincapé en que o alumnado adquira hábitos de traballo constante: realización das actividades propostas, repaso dos contidos explicados, organización e realización de actividades no caderno de clase, utilización habitual de fontes de consulta.

Potenciarase que o alumnado utilice diversas fontes de consulta: libros de texto, dicionarios, uso da biblioteca, información dixital, en rede, medios de comunicación de masas.

Impulsarase o traballo por proxectos como ferramenta para unha colaboración interdisciplinar e interdepartamental, favorecendo deste xeito o tratamento integrado das linguas.

Ao longo do curso realizarase un repaso continuado dos contidos que xa se foron impartindo; posto que a utilización correcta da lingua, tanto na súa parte oral como escrita, require un proceso de aprendizaxe continuo.

### O tratamento integrado das linguas

Dando cumprimento ao DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e atendendo ao seu artigo 11, punto 10, segundo o cal "Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua."

Este departamento establecerá dúas liñas de actuación:

- a) Promoverase a coordinación co departamento de Lingua Castelá e Literatura, concretándose do seguinte xeito:
- Mínimos esixibles similares para unha avaliación positiva da materia.
  - Establecemento dunhas rúbricas similares para a avaliación e corrección de probas orais e escritas.
  - As pautas de presentación de traballos escritos serán as mesmas (véxase criterios de cualificación).
  - A análise morfolóxica e da estrutura das palabras utilizará a terminoloxía de Lexemas e Morfemas; diferenciando entre morfemas derivativos e flexivos, prefixos e sufixos.
  - A análise sintáctica seguirá a corrente estrutural-funcionalista, e intentará na medida do posible, utilizar a mesma terminoloxía no tocante ás funcións sintácticas tanto da frase como da cláusula.
  - No tocante á frase, poderá utilizarse a expresión sintagma se así aparece nos materiais didácticos utilizados.
  - Establecerase a diferenza entre cláusula e oración.



Asemade, e co gallo de evitar a repetición de contidos, o profesorado de ambos departamentos coordinarase, na medida do posible, no reparto e impartición dos seguintes contidos:

- As propiedades textuais: adecuación, coherencia, cohesión, gramaticalidade e presentación.
- Tipoloxía textual: textos descritivos, explicativos, argumentativos, instrutivos, publicitarios...
- Textos da vida cotiá: currículos, cartas formais, textos xornalísticos, instancias?
- Principais funcións oracionais
- Comentarios literarios: poético, narrativo e teatral.

b) Participación durante o curso 2022/2023 nun grupo de traballo formado polos departamentos lingüísticos destinado a consensuar un documento que promova un tratamento integrado de todas as linguas que se imparten no centro e que se incluírá no Proxecto Lingüístico do mesmo.

#### MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O sistema de ensino-aprendizase é híbrido desde o comezo de curso: combínase presencialidade con traballo na aula virtual, na que todo o alumnado deste curso está matriculado desde a primeira semana de setembro.

En 3º de ESO, dentro do proxecto E-Dixgal, os contidos considerados de referencia serán os ofertados pola Editorial Netex-Smart. Estes completaranse con contidos ofertados polas outras editoriais dentro do proxecto E-Dixgal. Neste curso escolar, traballarase principalmente con contidos de creación propia (fichas de traballo, actividades interactivas, presentacións, material audiovisual da Rede, páxinas web, documentos de actualidade, obras literarias...) que estarán dispoñibles na Aula Virtual do centro.

Ademais, o alumnado disporá dun caderno ou folios cun clasificador como material de clase, bolígrafo, lapis e goma. Ademais dos recursos dispoñibles na rede, utilizarase na aula o dicionario de lingua galega, por iso se dotou cada aula cun dicionario en lingua galega, e tamén se utilizarán, nalgunhas ocasións, dicionarios de sinónimos, dicionarios de dúbidas, dicionarios de galego-castelán e castelán-galego e a bibliografía necesaria en cada caso.

Todas as aulas están dotadas de canón e conexión a internet, polo que su utilizarán por parte do profesorado as tecnoloxías da información e comunicación: acceso a internet, presentacións, vídeos, audicións, páxinas web, dicionarios e vocabularios en liña, bibliotecas virtuais, fichas interactivas?

O alumnado tamén fará uso de libros pertencentes a obras literarias tanto de lectura obrigada como voluntaria acordadas co alumnado para cada trimestre.

Fóra da aula o alumnado tamén terá que realizar uso da biblioteca, utilizar e manexar enciclopedias, buscar información na Internet e introducir no seu método de traballo e de adquisición de coñecemento as TIC cando se lles propoña realizar algún traballo individual e colectivo.

Ademais dispónse de material audiovisual que se pode utilizar nalgunhas unidades concretas, así coma de fotocopias como material de reforzo e ampliación.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Proxecto E-Dixgal
Caderno de traballo na aula
Recursos de aula
Biblioteca María Mariño

#### AULA VIRTUAL

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesvirxedomar/aulavirtual/login>

Debido á falta de contidos ou da avaliación da adecuación destes á programación curricular recollida no borrador do decreto de currículo, neste curso 2022/23 en 3º da ESO decidimos tomar como referencia o material propio elaborado pola docente e volcado na Aula virtual do centro (fichas de traballo, actividades interactivas ou non, presentacións, material audiovisual da Rede, páxinas web, documentos de actualidade, textos literarios). Así pois, a Aula virtual do IES Virxe do Mar é o recurso de referencia para a aprendizaxe nesta materia. Nela están volcados todos os contidos e boa parte das actividades que realiza o alumnado. A aula virtual é tamén o repositorio da actividade de aula para todo o alumnado que se ausenta nalgunha sesión. Nela distribúese todo o traballo desenvolvido en cada unidade co fin de facilitarlle ao alumnado o coñecemento da estrutura da materia. Así mesmo, inclúese un apartado inicial no que se recollen os documentos de traballo para todo o curso escolar, incluídas as rúbricas da avaliación dos distintos bloques de contidos.

Secundariamente, a aula virtual proporciona a canle de comunicación co alumnado a través do servizo de mensaxería.

#### PROXECTO E-DIXGAL

Como xa indicamos, en 3º de ESO, o proxecto E-Dixgal emprégase como segundo recurso de referencia debido á súa tardía incorporación. Os contidos considerados de referencia serán os ofertados pola Editorial Netex-Smart. Estes completaranse con contidos ofertados polas outras editoriais dentro do proxecto E-Dixgal.

#### CADERNO DE TRABALLO NA AULA

O alumnado debe dispor dun caderno ou folios cun clasificador como material de clase, bolígrafo, lapis e goma. Este caderno será revisado periodicamente para a comprobación das aprendizaxes adquiridas polo alumnado.

#### RECURSOS DE AULA

Coa introdución do proxecto E-Dixgal o alumnado ten acceso a todos os recursos dispoñibles na rede. Ao longo do curso iranse traballando os máis salientables para o traballo neste nivel e para a consolidación da aprendizaxe do seu uso e aplicación na elaboración de traballos de investigación.

Alén dos recursos dixitais, utilizarase na aula o dicionario de lingua galega, por iso se dotou cada aula cun dicionario en lingua galega, e tamén se utilizarán, nalgunhas ocasións, dicionarios de sinónimos, dicionarios de dúbidas, dicionarios de galego-castelán e castelán-galego e a bibliografía necesaria en cada caso.

Ademais, en cada aula dispónse dun taboleiro de comunicacións onde se recollen os materiais de referencia da materia (lecturas elixidas polo alumnado, criterios de avaliación da materia, rúbricas, traballos elixidos para as exposicións orais, datas dos exames, convocatorias de concursos en lingua galega etc.).

Todas as aulas están dotadas de equipo informático, canón e conexión a internet, polo que o profesorado empregará estes recursos para favorecer o traballo de aula.

#### BIBLIOTECA MARÍA MARIÑO

A biblioteca do centro é un recurso de referencia para o alumnado. Todas as lecturas propostas (obrigatorias e voluntarias) están dispoñibles para consulta e préstamo na biblioteca. Ao longo do curso infórmase ao alumnado das novidades en lingua galega en que se incorporan aos fondos da biblioteca.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Este proceso permite identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa na materia. Para isto utilizaremos diversos instrumentos:

- a) Informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/22 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións de actuación no departamento didáctico por parte do profesorado que o conforma.
- d) Probas diagnósticas. A comezo de curso realizaranse diversas probas para comprobar o punto de partida de cada alumno en relación aos contidos e estándares de aprendizaxe sobre os que se asenta o currículo nos distintos niveis. Estas terán carácter competencial e procurarán integrar os bloques de contidos que vertebran o currículo desta materia: As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua, sempre cun enfoque comunicativo. Nelas pedirase a resolución de diferentes tarefas, que se afrontarán coa metodoloxía e

recursos que o profesorado estime oportunos: soporte dixital ou papel, lectura en voz alta, exposición oral individual ao en grupo... de xeito que estas se resolvan en sesións diferentes e con metodoloxías diversas. Esta avaliación inicial servirá para detectar fortalezas e debilidades do alumnado en relación con cada bloque de contidos e, así mesmo, tomar decisións sobre a pertinencia de aplicar determinados procedementos de reforzo en competencia lingüística ou adaptación curricular, se for o caso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>
<b>Proba escrita</b>	65	88	74	67	60	100	62	44	100	100
<b>Táboa de indicadores</b>	35	12	26	33	40	0	38	56	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	64	75	<b>75</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	36	25	<b>25</b>

### Criterios de cualificación:

#### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O profesorado deste departamento utilizará en cada avaliación os seguintes instrumentos e técnicas de avaliación :

a) Observación na aula (técnica) e realización de tarefas: centrarase na observación continuada do traballo e participación do alumno/a nas actividades de aula ou daquelas encomendadas para realizar fóra dela, relacionadas cos cinco bloques nos que se estrutura a materia. Esta observación materializarase nunha folla-rexistro (en papel ou dixital) do profesorado.

b) Probas orais: servirán de marcadores das competencias clave CCL, CMCCT, CD, CAA, CSIEE e CCEC. Incidirase na necesidade de que o alumnado teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais.

En cada trimestre o alumnado realizará unha exposición oral sobre un tema proposto polo profesorado. Esta terá duración aproximada de 5 min. Valorarase positivamente a utilización de recursos TIC de apoio tales como POWER POINT, PREZI, CANVA, SLIDESHARE... Polo tanto, poderán inserirse fotografías, mapas conceptuais, vídeos, audios, debuxos ou calquera recurso en lingua galega que contribúa a mellorar a exposición. O profesorado proporcionará un guión previo para a súa elaboración e as rúbricas, indicadores de logro ou escala de valoración para a súa cualificación (ver indicadores para a avaliación de producións orais).

c) Probas e/ou traballos escritos sobre os contidos impartidos e estándares traballados. Este tipo de probas centraranse nos bloques As linguas e os seus falantes, Comunicación, Educación literaria e Reflexión sobre a lingua e servirán de marcadores das competencias clave CCL, CAA, CCEC. En todas as probas escritas terase en conta o uso correcto da lingua e o coñecemento da norma. As probas e os traballos escritos presentan diversas modalidades:

- Probas ou traballos escritos que abarcarán unha parte limitada da materia ou dun bloque específico.
- Probas ou traballos escritos que abarcarán varias unidades didácticas e/ou contidos e estándares de varios bloques específicos.
- Producións escritas de diversa tipoloxía e intencionalidade: descrições, narracións, textos expositivos, argumentativos, comentarios literarios, comentarios críticos... Neste tipo de probas o profesorado utilizará un sistema

de avaliación por rúbricas ou escalas de valores que respondan á tipoloxía textual de cada produción e que deben conter cando menos uns mínimos avaliábeis (ver indicadores para a avaliación de producións escritas).

-Probas específicas de lectura, nas que se avaliará a comprensión dunha obra literaria.

d) Traballos, actividades ou proxectos de carácter audiovisual propostos polo profesorado nos que se valorará positivamente a utilización de recursos TIC (vídeo, podcast, redes sociais, actividades interactivas, programación...) e a participación en actividades de dinamización da lingua galega.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) As probas orais relativas ó bloque de Comunicación, terán un peso do 10% da nota da avaliación.

b) Establecerase a lectura obrigatoria dunha obra literaria (ou selección de textos) por trimestre; cuxo peso na nota de avaliación é do 10%. Para a súa cualificación o profesorado poderá utilizar calquera dos instrumentos b), c) ou d) do apartado anterior. Asemade, o alumnado que na nota global da avaliación teña unha puntuación igual ou superior a catro (4) puntos poderá ler voluntariamente obras literarias polas que se lle outorgará ata 0'5 puntos, permitíndose ata un máximo de 1 punto que se sumará á nota final de cada avaliación.

c) A observación continuada do traballo e participación do alumno/a nas actividades de aula ou daquelas encomendadas para realizar fóra dela (folla de rexistro) terá un peso do 5% da nota da avaliación.

d) A porcentaxe restante da nota conformarana o resto de probas ou traballos que o profesorado estime oportuno utilizar para avaliar o alumnado.

e) O uso de calquera medio fraudulento (copia, plaxio, uso de intelixencias artificiais ou de calquera tecnoloxía que suplante a autoría) na realización das distintas probas e tarefas implicará a cualificación destas con cero (0) puntos.

f) Por tratarse do ensino dunha lingua, cómpre indicar que algúns contidos ou estándares avaliáranse reiteradamente ao longo dos tres trimestres. É o caso dos estándares pertencentes ao bloque de contido do Funcionamento da lingua, que serán avaliábeis non só naqueles trimestres nos que están temporalizados ou son impartidos senón tamén nos seguintes; ao entender que o coñecemento da lingua é un proceso progresivo e sumativo. Outros só serán avaliados segundo consta na temporalización. Por outra banda, un mesmo contido ou estándar pode estar presente en varios bloques á vez e ser avaliado a través de distintos instrumentos e técnicas.

g) A corrección lingüística. En todas as probas se valorará moi positivamente o uso correcto da lingua e o coñecemento da norma. No caso de atopárense incorreccións evidentes (ortográficas, gramaticais, léxicas, de puntuación, de rexistro ou de presentación) aplicaranse as seguintes medidas correctoras:

- En 3º ESO penalizarase con 0'10 puntos cada unha das incorreccións mencionadas no apartado anterior; podendo chegar a unha penalización de dous (2) puntos como máximo.

De todos xeitos, estes criterios serán máis flexibles con aquel alumnado que presente DEA (dificultades específicas de aprendizaxe).

h) Material escolar: o alumnado ten a obriga de asistir á clase co material necesario (libro de texto, caderno, ordenador, material proporcionado polo profesorado...). Recórdase ademais que este aspecto está tipificado nas Normas de Organización e Funcionamento do centro como unha falta de orde leve (páx.49).

i) Actitude do alumnado: presuponse que o alumnado debe ter unha actitude de respecto cara ao profesorado e ao dereito ao estudo dos demais compañeiros e compañeiras. De non se dar, recibirá amoestacións por parte do profesorado. Asemade, as condutas disruptivas están tipificadas como faltas contrarias á convivencia recollidas nas Normas de Organización e Funcionamento do noso centro educativo.

#### 1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓN

A nota global de cada avaliación será a suma das cualificacións obtidas polo alumnado a través dos diversos de instrumentos de avaliación utilizados polo profesorado. Aquel alumnado que teña unha cualificación igual ou superior a cinco (5) puntos aprobará a avaliación. Redondearase ao enteiro superior naqueles decimais iguais ou superiores a 5 (exemplo: 5,5 redondearase a 6).

O alumnado poderá realizar traballos ou lecturas voluntarias propostos polo profesorado para subir nota, sempre e cando se presentase a todas as probas avaliábeis realizadas durante o trimestre e non deixase ningunha delas en branco. Por cada lectura voluntaria outorgarase ata 0'5 puntos, e permitirase realizar varias lecturas ata un máximo de un (1) punto que se sumará á nota final de cada avaliación. No caso de que o profesorado propoña a elaboración de traballos voluntarios, estes poderán subir ata 0'5 ou 1 punto, dependendo das súas características e do criterio do profesorado.

#### A AVALIACIÓN FINAL

A nota da avaliación final será a media ponderada das notas das tres avaliacións: 1ª avaliación (30%), 2ª avaliación (30%) e 3ª avaliación (40%). Para realizar este cómputo tomaranse como referencia as cualificacións reais do alumnado e non o redondeo que figura no boletín de notas. Aquel alumnado que acade unha nota igual ou superior a cinco (5) puntos terá a materia aprobada. Aqueles que non cheguen aos cinco (5) puntos presentaranse a unha proba escrita final de recuperación de toda a materia, que se realizará antes da data establecida para a sesión da 3ª avaliación.

Para a cualificación final de xuño, redondearase ao enteiro superior naqueles decimais iguais ou superiores a 5

(exemplo: 5,5 redondearase a 6).

Con independencia do anterior, o profesorado poderá habilitar ao longo do curso unha serie de medidas e actividades encamiñadas a recuperar, de maneira progresiva, contidos, estándares ou competencias non superadas nalgunha das avaliacións.

#### **Criterios de recuperación:**

Aqueles que non cheguen aos cinco (5) puntos presentaranse a unha proba final de recuperación de toda a materia, que se realizará no mes de xuño de 2023.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso 2022/23 non temos alumnado matriculado que teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura de 3º da ESO. O alumnado que ten esta materia suspensa está repetindo curso.

Do seguimento do alumnado pendente (tarefas, exames, cualificacións...) encargarase o profesorado que imparta clase ao alumnado no curso académico actual. O alumnado que realice satisfactoriamente as tarefas encomendadas polo profesorado e aprobe as avaliacións do curso no que está matriculado, aproba a materia pendente.

Ademais, este alumnado terá dereito a dúas avaliacións parciais e, de ser necesario, a unha avaliación final, nas que se utilizará como instrumento avaliador a proba escrita. É recomendable que se presente a elas sempre; pois constitúe unha oportunidade de poder aprobar no caso de que a nota dalgúnhas das avaliacións da materia do curso superior sexa inferior a cinco (5). Ademais, unha cualificación negativa nas probas parciais ou final en ningún caso provocará o suspenso dese alumno ou alumna se ten aprobadas as avaliacións do nivel superior. O cálculo da nota final destas probas será o resultado da media aritmética dos dous parciais (para aplicar a media aritmética cómpre que o alumno non teña unha nota inferior a tres (3) en ningún dos parciais). Aquel alumnado que teña unha nota igual ou superior a cinco (5) aprobará a materia. No caso de que a nota media non chegue ao cinco (5) ou se teña menos dun tres (3) nalgún dos parciais, o alumnado terá dereito a presentarse a unha proba escrita final no mes de maio de toda a materia.

Os contidos esixibles nestas probas serán os mínimos esixidos para este nivel.

Para que o alumnado da ESO sexa quen de aprobar a materia sen superar, e co fin de que poida orientarse, este departamento elaborará un plan de reforzo seguindo as indicacións do Departamento de Orientación co currículo que cómpre desenvolver, criterios de avaliación, tarefas, recursos e estratexias metodolóxicas.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na ESO propónse o desenvolvemento integral de alumnado tanto a nivel intelectual coma de relación interpersoal. O seu carácter obrigatorio dótao dun principio comprensivo e diversificado que garanta a igualdade de oportunidades educativas a todos os alumnos/as.

As medidas de atención á diversidade irán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos estándares de aprendizaxe da etapa.

Para isto, a principios do mes de setembro, o noso centro organiza a agrupación do alumnado tendo en conta o anterior e as necesidades educativas dos alumnos e alumnas matriculados no centro e os recursos dos que se dispón, establecendo agrupamentos, desdobramentos, apoios, reforzos e adaptacións. As medidas de atención á diversidade que adopte o centro formarán parte do noso proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o decreto 229/2011 e a orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Coa información obtida cos instrumentos utilizados na avaliación inicial (véxase apartados 2.3.1.), e xunto co asesoramento do Departamento de Orientación poderanse adoptar as seguintes medidas individuais:

a.1. Reforzo educativo en Lingua Galega ao alumnado de 2º de ESO exento de 2ª Lingua estranxeira (Francés)

O profesorado que imparta Reforzo Educativo neste nivel, traballará principalmente a Competencia Lingüística do alumnado tanto oralmente como por escrito. Centrarase en actividades de lecto-escritura e comprensión de textos de diferente tipoloxía. Dado que neste curso a impartición do reforzo recae neste departamento, estableceranse unha serie de medidas de coordinación entre o profesorado do grupo de referencia e o que imparte o reforzo.

a.2. Reforzo dos elementos curriculares. Esta medida aplicaráselles a aqueles alumnos e alumnas que polas súas características persoais manifesten un ritmo de aprendizaxe máis lento ou algunha dificultade na adquisición das competencias clave. Será na avaliación inicial onde se propoña este tipo de reforzo e constará nas cualificacións trimestrais e de avaliación final do alumnado.

a.3. Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación. Prestarase especial atención ao alumnado con Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA), tales como disgrafía, disortografía, TDAH. As probas que se lles propoñan terán unha disposición visual máis atractiva e clara (letra máis grande, grosa, subliñados, tipografías diferentes...), existirá maior flexibilización nas actividades de ortografía, poderanse substituír exercicios escritos por orais ou proporcionar máis tempo para a súa realización.

a.4. Adaptacións curriculares. Estas aplicaráselles a aqueles alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que, tendo xa adaptacións no curso anterior e oído Departamento de Orientación, estímase oportuno que continúen con elas. Asemade, realizaranse adaptacións novas a aquel alumnado que o necesite; baixo a supervisión e o asesoramento do Departamento de Orientación. A proposta curricular de cada unha delas realizarase buscando o máximo desenvolvemento das competencias clave de acordo coas posibilidades de cada alumno/a. A súa avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas mesmas. Esta medida constará nas cualificacións trimestrais e na avaliación final do alumnado.

a.5. No tocante ao alumnado con graves carencias en lingua galega derivadas da súa procedencia allea á Comunidade Autónoma Galega, aplicarase o establecido no artigo 18 do decreto 79/2010: *“o alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en educación secundaria obrigatoria poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares. Asemade, o alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua por parte do profesorado poida ter, ao remate do prazo de exención, un dominio adecuado da lingua galega. O incumprimento por parte do alumnado do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, tutores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.*

Tendo en conta o anterior trataremos de aportar material opcional aos alumnos estranxeiros e doutras comunidades que se incorporen de novo este ano escolar e aplicaranse as medidas de diversidade oportunas que se consideren necesarias en cada caso consensuadas co Departamento de lingua galega e literatura, Dirección do Centro e Departamento de Orientación).

a.6. Programas de enriquecemento curricular. Destinados ao alumnado que presente altas capacidades intelectuais. Con eles tentarase dar resposta ás inquietudes, potencialidades e interese por aprender que manifeste este alumnado e manter o seu nivel de motivación.

a.7. Plan de reforzo para alumnado da ESO que promocióne con materias sen superar, que terá como referentes os obxectivos da materia e a súa contribución á adquisición das competencias clave e que se adaptará ás particularidades de cada alumno. Nel constará o currículo a desenvolver, criterios de avaliación e cualificación, tarefas a realizar coa súa correspondente temporalización e os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual				X				X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación				X				X
ET.5 - Emprendemento				X				X
ET.6 - Educación para a igualdade de oportunidade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación ambiental				X	X	X		X
ET.8 - Educación para a paz (prevención da violencia)	X			X		X		X
ET.9 - Educación para a saúde				X				X
ET.10 - Educación e seguridade viaria				X			X	X
ET.11 - Educación para o consumo				X			X	X
ET.12 - Educación moral e cívica	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación				X
ET.5 - Emprendemento				X
ET.6 - Educación para a igualdade de oportunidade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación ambiental				X
ET.8 - Educación para a paz (prevención da violencia)				X
ET.9 - Educación para a saúde				X
ET.10 - Educación e seguridade viaria				X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.11 - Educación para o consumo				X
ET.12 - Educación moral e cívica	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Representacións teatrais	Pendente de programación. Asistencia a representacións teatrais, actos culturais e/ou actividades relacionados coa materia, programados por diversas entidades ou institucións e que consideremos de interese para o noso alumnado. A concreción está sen determinar. Axustarase á oferta cultural dispoñible. Posibles representacións: O porco de pé, Bicos con lingua, Pelos na lingua, As fillas bravas, Nevermore.
Semana Letras Galegas	Pendente de programación (no mes de maio). Participación e colaboración co EDL nas actividades relacionadas con esta conmemoración. Ao longo deste curso iranse concretando as diversas actividades.
Participación en concursos e certames	Pendente de programación. Participación voluntaria en concursos de distinta índole (Youtubeiras, Olloboi, 25N, 8M etc.).
Roteiros e andainas	Pendente de programación. Roteiros de índole histórica, cultural e literaria por espazos relacionados co traballo de aula.
Encontros con autoras e autores	Pendente de programación. Inicialmente propónse encontro co autor Carlos Negro promovida a través da editorial Galaxia.
Sesión con Quérote+	Pendente de programación. Sesión de educación sesual impartido a través do programa Quérote+

### Observacións:

Neste apartado inclúense as actividades complementarias (no centro) e extraescolares (fóra do centro). Todas as actividades están pendentes de datación en atención á dispoñibilidade e axenda das persoas que colaborarán nesas accións, tanto dentro como fóra do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realiza a avaliación inicial ao inicio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado, atendendo a aquel que presenta necesidades educativas especiais
Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
Ofrécense a cada alumno/a, ademais das explicacións xerais, aquelas individualizadas que precisa.



Combínase o traballo individual e en equipo.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar
Lévanse a cabo medidas de reforzo e apoio ao alumnado con NEE ou con DEA
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación así como a súa adecuación aos estándares de aprendizaxe
Realízase unha revisión, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
Revisa, con frecuencia, os traballos e actividades propostos na aula e fóra dela; analizando e comentando co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc..
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e actividades do alumnado e dá pautas para a mellora dos mesmos.
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
Proporciona a información necesaria para a resolución das tarefas.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
Poténcianse entre o alumnado a utilización das TIC na elaboración de traballos, tarefas e probas individuais e colectivos, especialmente aqueles de carácter audiovisual
Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.
Proporciona información e explica de maneira clara os mecanismos de avaliación, os criterios de cualificación e os mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
Proporcionaselle ao alumnado información suficiente sobre os resultados das probas e criterios aplicados nas mesmas
Informa suficientemente tanto ao alumnado e aos pais sobre os resultados acadados e a evolución académica de cada alumno e alumna.
Ofréceselle ao alumnado suficientes mecanismos de recuperación de contidos e estándares non superados en avaliacións anteriores.
Poténciase e trabállese a colaboración entre departamentos didácticos
Particípase en proxectos ou actividades que favorecen a interdisciplinariedade, levados a cabo por outros departamentos
Existe implicación coas funcións titoriais ou do departamento de orientación
Apórtanse achegas e propostas de mellora para a elaboración do PEC
Realízase unha posta en común cos demais membros do departamento sobre todos os puntos expostos anteriormente

#### Descrición:

Toos os indicadores se valoran nunha escala de 1 a 4.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REVISIÓNS TRIMESTRAIS DA PROGRAMACIÓN: ao final de cada avaliación cada profesor realizará unha memoria na que se analizarán tanto os distintos apartados da programación coma dos resultados académicos acadados nos distintos grupos; tal e como se expuxo na introdución deste documento. Os aspectos a tratar serán os seguintes:

- Valoración e análise dos resultados da avaliación: se se consideran positivos ou non e cales son as causas que influíron nestes.
- Grao de desenvolvemento dos contidos e estándares de aprendizaxe asociados a cada un deles, previstos en cada trimestre e de acordo coa temporalización establecida nesta programación: contidos que foi preciso engadir ou eliminar, motivos que impediron o desenvolvemento total ou parcial dalgún deles.
- Metodoloxía aplicada: se se utilizou a establecida nesta programación ou se foi necesario aplicar outras extratexias metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos: se se utilizaron outros diferentes aos establecidos nesta programación e motivos.
- Criterios e instrumentos de avaliación empregados: se se considera que os instrumentos de avaliacións foron suficientes e axeitados e se os criterios de cualificación se adaptan ás características do grupo ou, pola contra, cómpre flexibilizalos.
- Dificultades de aprendizaxe detectadas: que tipo de dificultades, diagnósticos, información proporcionada polo departamento de Orientación...
- Medidas de atención á diversidade que se tomaron con respecto ao punto anterior e que están especificadas nesta programación
- Propostas de mellora. Estas permitirán que os membros deste departamento se reúnan para determinar que apartados da programación didáctica son susceptibles de modificacións; principalmente naqueles casos nos que estes contribúan a que o alumnado poida adquirir de xeito máis doado as competencias clave. Ditas modificacións poderán realizarse ao longo do curso académico se fose necesario e, de ser así, estarán expostas na memoria final. Asemade, outras propostas de mellora servirán para introducir cambios en futuras programacións.

### REVISIÓNS FINAIS DA PROGRAMACIÓN.

Ao finalizar o curso académico, e despois de realizar a memoria final de xuño, todos os membros do departamento reuniranse para realizar unha valoración da programación didáctica co gallo de engadir posibles modificacións no seguinte curso.

Como instrumento de traballo e análise utilizaranse os seguintes indicadores de logro:

1. O deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos adecúese aos elementos do currículo.
2. A secuenciación e temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos foi axeitada.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Existiu adecuación entre os contidos impartidos e os estándares de aprendizaxe asociados a eles .
5. O grao mínimo de consecución fixado para cada estándar foi o axeitado.
6. O peso de cada estándar na cualificación foi o axeitado.
7. Utilizáronse un ou varios instrumentos de avaliación asociados a algúns estándares.
8. Grao de asociación entre os estándares e os elementos transversais.
9. Os membros deste departamento utilizaron estratexias metodolóxicas comúns.
10. O traballo na aula foi o adecuado.
11. Os materiais didácticos utilizados foron variados, suficientes e axeitados.
12. O libro de texto utilizado respondeu ás expectativas creadas: adecuación dos contidos e estándares...
13. As probas de avaliación inicial utilizadas foron axeitadas para detectar alumnado con NEE.
16. As pautas xerais establecidas para a avaliación continua foron axeitadas: probas, traballos, etc.
17. Os mecanismos de recuperación de determinados contidos ou avaliacións enteiras foron suficientes e efectivos.
18. Os criterios de cualificación establecidos foron axeitados para a avaliación final.
19. O tipo de proba e os criterios de cualificación son axeitados e axústanse ao establecido na programación na avaliación extraordinaria de setembro.
20. Os instrumentos de avaliación e o seguimento da evolución do alumnado coa materias pendente de cursos anteriores foron efectivos e suficientes.
24. As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas, suficientes e efectivas.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Os mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos son suficientes e están expostos con claridade.
29. Grao de contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

### 1. Datas sinaladas do calendario escolar e outras datas de interese

Recóllense en anexo en formato papel por non colleren nos mil caracteres permitidos.

### 2. Indicadores de logro para a avaliación das probas orais (Instrumento B)

A rúbrica valórase do seguinte xeito:

Correctamente (1), con algún erro (0,5), con moitos erros (0,25), insuficientemente (0).

A proba non se valora se a exposición é propiamente unha lectura, se non cumpre o tempo mínimo estipulado (ou presenta unha mostra de lingua insuficiente) ou se nela se realizan cambios de lingua cara ao castelán.

O seu detalle pódese consultar en formato papel no Departamento e en formato dixital na aula virtual do alumnado; non se achega nesta aplicación por non coller nos mil caracteres permitidos. Pódese consultar como referencia a achegada nas programacións non-Proens deste departamento.

### 3. Indicadores de logro para a avaliación de producións escritas específicas (Instrumento C)

A rúbrica valórase do seguinte xeito:

Sen erros (1), algún erro (0,5), bastantes erros (0,25), numerosos erros (0).

A proba non se valora se a exposición é un plaxio.

O seu detalle pódese consultar en formato papel no Departamento e en formato dixital na aula virtual do alumnado; non se achega nesta aplicación por non coller nos mil caracteres permitidos. Pódese consultar como referencia a achegada nas programacións non-Proens deste departamento.

### 4. Pautas para a elaboración dos traballos

O seu detalle pódese consultar en formato papel no Departamento e en formato dixital na aula virtual do alumnado; non se achega nesta aplicación por non coller nos mil caracteres permitidos. Pódese consultar como referencia a achegada nas programacións non-Proens deste departamento.

### 5. Lecturas recomendadas

En 3º da ESO ofrécese unha listaxe aberta a partir dos recursos existentes na biblioteca e da idade e madurez lectora do alumnado deste nivel, así como dos seus gustos lectores, e sempre a partir dunha preselección realizada polo profesorado da materia de acordo cuns criterios mínimos de calidade lingüística aceptables para o dito nivel.